



*REGULAMENTO DOS
COMITÉS TÉCNICOS*

PREÁMBULO

No título IV: Órganos técnicos e asesores, capítulo I, comisións en xeral e o art. 61 punto 1 dos Estatutos da FGX que di " A Federación creará, previa aprobación da Asemblea Xeral, polo menos, as seguintes comisións". Ademais no apartado d, "Un comité técnico por cada modalidade ximnástica, coa función de elaborar e presentar os programas técnicos para a súa aprobación por a Asemblea Xeral."

No mesmo punto do artigo citado dise de xeito literal. "Todas as comisións rexeranse por os seus respectivos regulamentos internos e, no seu caso, por a normativa nacional unificada e emanada da RFEG da mesma modalidade, pola lexislación aplicable e polo disposto nos presentes Estatutos."

Como consecuencia do especificado nos parágrafos anteriores e imprescindible o desenrolo deste regulamento, para que sexa a norma básica da de funcionamento dos citados comités técnicos, a partires de agora Cs.Ts.

Visto isto, na FGX, constituiranse os seguintes:

1. Comité Técnico de Acrobática.
2. Comité Técnico de Aerobic.
3. Comité Técnico de Artística Feminina.
4. Comité Técnico de Artística Masculina
5. Comité Técnico de Estética.
6. Comité Técnico de Parkour.
7. Comité Técnico de Rítmica.
8. Comité Técnico de Trampolín

Sen embargo non será preciso a posta en funcionamento dun comité, cando a especialidade deportiva, aínda que estea recoñecida, non teña actividade.

CAPÍTULO I.- DOS COMITÉS TÉCNICOS, DEFINICIÓN

Art. 1.- Os Cs.Ts. serán órganos de consulta para a X.D. e A.X., elevándose a estes os seus acordos para o seu definitivo estudo e aprobación, se procede. Tamén poderán presentarse á X.D. informes de carácter técnico para o seu estudo e definitiva ratificación.

CAPÍTULO II.- COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DE CADA UN DOS MEMBROS

Art. 2.- Os Cs.Ts. estarán compostos por os/as seguintes membros;

1. Un/unha Presidente/a: O/a Presidente/a da F.G.X ou a persoa na que el delegue.
2. Un/unha secretario/a: A secretaria, xeral ou técnica, da FGX
3. De tres a cinco vogais:
 - a) Un/unha xuíz/a, xeralmente o/a de mais rango e/ou categoría.
 - b) De dous a catro adestradores/as, todos/as de III nivel ou adestradores/as nacionais.

Art. 3.-Serán funcións do/a presidente/a:

- a) Convocar as reunións, ben por iniciativa propia ou por solicitude de dous o mais vogais
- b) Dirixir e coordinar ditas reunións.
- c) Asinar os informes preceptivos de cada reunión, normativas técnicas, propostas de calendarios ou calquera outra, para trasladalos aos órganos competentes, para a súa aprobación.
- d) Representar ao comité naquelas situacións onde sexa necesario.

O/A presidente/a, agás cando o sexa o/a presidente/a da FGX, non poderá delegar, en ningún outro/a dos membros, as súas atribucións.

Art. 4.- Serán funcións do/a secretario/a:

1. Preparar as reunións, convocatoria, documentación...etc. de acordo as directrices do/a presidente/a.
2. Levantar acta das citadas reunións.
3. Velar por o cumprimento dos acordos adoptados.
4. Trasladar aos órganos competentes, XD, AX a documentación, normativas técnicas, propostas de calendario e todas aquelas que precisen unha aprobación posterior.

Art. 5.-Serán funcións dos/as vogais:

1. Participar activamente nas reunións para as que fosen convocados/as.
2. Facer todas aquelas aportacións aos temas da orde día, por iniciativa propia, a petición de Entidades Deportivas e/ou doutros/as técnicos/as e/ou

xuíces/as.

Art. 6.- Todos os membros dos Cs.Ts. serán nomeados por o/a presidente/a da FGX e revogados por el.

CAPÍTULO II: FUNCIONES DOS COMITÉS TÉCNICOS

Art. 7.- Son funcións dos Cs.Ts.

1. Estudar, desenvolver os plans técnicos autonómicos de traballo, establecendo a proposta dun calendario de competicións das súas modalidades.
2. Elaborar as Normativas Autonómicas para as competicións da FGX, así como o plan técnico a desenvolver en cada competición.
3. Elaborar un programa de tecnificación e/ou concentración de ximnastas, tendo en conta, sempre, a partida orzamentaria que o soporta.
4. Propoñer os/as técnicos/as e/ou xuíces para cada un destes programas.
5. Elaborar e propoñer un proxecto de formación/actualización de técnicos á EFGX.

CAPÍTULO III: CONVOCATORIA DAS REUNIÓN

Art. 8.- As reunións dos Cs.Ts. serán convocadas, cunha orde do día, por o presidente. a iniciativa propia ou por solicitude de dous o mais compoñentes dos mesmos.

Art. 9.- O/A secretario/a remitirá a todos os membros a convocatoria e toda a documentación precisa nun prazo de sete días antes da data da reunión. Esta convocatoria publicárase na WEB da federación para coñecemento de todos/as os/as afiliados/as a FGX.

Art. 10.- Calquera persoa física afiliada a FGX, poderá facer aportacións que considere oportunas, ata dous días hábiles antes da data da reunión.

Art. 11.- Todas aquelas persoas físicas afiliadas, que fixesen aportacións nos prazos estipulados, poderán participar na reunión programada sempre con voz pero sen voto, previa solicitude que poderá ser aceptada ou non.

CAPITULO IV: DESENROLO DAS REUNIÓN

Art. 12.- Una reunión dun comité quedara legalmente constituída, en primeira convocatoria, ao estar presentes a metade mais un dos seus membros. En segunda bastará con dous.

Art. 13.-Asistencia:

1. Terán dereito a asistir todos os membros nomeados oficialmente como tales.
2. Calquera adestrador/a e/ou xuíz/a que, realizada unha proposta en tempo e forma, poderá defendela presencialmente. Unha vez rematado o punto onde fixo a proposta, terá que abandonar a reunión, salvo autorización expresa de permanencia. A súa participación será con voz pero sen voto.

Art.14.- Decisións e sistema de votación.

As decisións, nos distintos puntos da orde do día, sería recomendable que se tomasen:

1. Por unanimidade ou maioría avultada
2. De non ser así, realizarase unha votación.

Art. 15.- Esta votación deberá de ser:

1. Realizarase a man alzada, non será permitida a votación segreda.
2. Aprobaríanse os puntos por maioría simple dos presentes.
3. O/a presidente/a terá voto de calidade.

Art. 16.-Das actas.

Das reunión o/a secretario/a levantará acta

1. Esta acta, provisional, remitirase aos presentes por correo electrónico, que poderán facer as alegacións oportunas nun prazo de cinco días. Se non as houbese elevarase a definitiva.
2. Un extracto dos acordos de ditas reunións publicaranse na WEB, para coñecemento de todos/as os/as interesados/as

CAPÍTULO V: DAS RETRIBUCIÓN ECONÓMICAS

Art. 17.- A pertenza, como titular, a un dos Cs.Ts., non suporá unha retribución

económica en concepto de salario.

Art. 18.-Sen embargo a FGX aboará os gastos de desprazamento e os gastos das peaxes, se as houbera. Para este ultimo caso deberán de presentarse os recibos correspondentes.

Art. 19.- No caso dos/as adestradores/as, xuíces/zas participantes previa solicitude e ao presentar alegacións aos proxectos a estudar, os custes dos desprazamentos corresponderán a eles/as

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- Para aquelas situacións non recollidas nos presentes regulamentos deberá de acudirse a normativas de rango superior, Estatutos e lexislación vixente.

DISPOSICIÓN FINAL.-Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación por a Asemblea Xeral e substituirá aos vixentes ata esa data.